

CONCELLO DE XOVE

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA E URXENTE, CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA 18 DE AGOSTO DE 2016.

ASISTENTES:

Alcalde-Presidente:

D. José Demetrio Salgueiro Rapa (PP)

Concelleiros:

D^a Ana María Abad López (PP)

D^a M^a Dolores Meitín Guerreiro (PP)

D. Manuel Angel Meitín Rouco (PP)

D^a M^a Rosario Balseiro López (PP)

D^a Cristina Iglesias Guerreiro (PP)

D. José Manuel Balseiro Canoura (PP)

D. Marco López López (BNG)

D. José Manuel López Hermida (BNG)

D. Carlos Fernández Louzao(BNG)

Secretario:

D. Luís M. Fernández del Olmo

Intervención:

D^a Elena Santos Rey

Ausente:

D^a.M^a Luísa Pernas Quelle (BNG)

Na Casa Consistorial do Concello de Xove, sendo as dez horas do día dezaioito de agosto de dous mil dezaseis, baixo a presidencia do Sr. Alcalde-Presidente, D. José Demetrio Salgueiro Rapa, e coa asistencia dos señores Concelleiros á marxe relacionados e do Secretario D. Luís María Fernández del Olmo, procedeuse a celebra-la sesión extraordinaria e urxente, convocada para a hora e día da data.

Sendo a hora sinalada, polo Sr. Alcalde-Presidente, declarouse aberta a sesión, procedéndose ó debate e votación dos asuntos incluídos na orde do día.

1º.- PRONUNCIAMENTO DO PLENO SOBRE A URXENCIA DO ASUNTO INCLUÍDO NA ORDE DO DÍA.

Coa autorización da presidencia, por Secretaría dáse lectura ó decreto de convocatoria no que se reflicte a xustificación da urxencia do asunto incluído na orde do día.

Enterado, o Concello Pleno, por unanimidade dos seus membros asistentes á sesión acorda aos efectos do disposto no Art. 79 do R.D. 2568/1986 de 28 de novembro; aprecia-la urxencia do asunto incluído na orde do día da sesión.

2º) LICITACION DA “PRESTACION DO SERVIZO DE RECOLLIDA DE RESIDUOS SÓLIDOS URBANOS (RSU) E ENVASES LIXEIROS (BOLSA AMARELA) NO CONCELLO DE XOVE; SERV:01/16. PROPOSTA DA MESA DE CONTRATACIÓN. ADOPCIÓN DE ACORDO.

Por Secretaría dáse conta ó Pleno Corporativo da Acta da Mesa de Contratación da Licitación de referencia, celebrada con data 16 de agosto de 2016 que a seguir se transcribe íntegramente:

ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN

No salón de comisións da Casa Consistorial do Concello de Xove, sendo as 10'30 horas do día 16 de agosto de 2016; consonte ó disposto no Prego de Clausulas Administrativas Particulares que rexirán no Procedemento Aberto, convocado para a contratación da PRESTACIÓN DO SERVIZO DE RECOLLIDA DE RESIDUOS SOLIDOS URBANOS (RSU) E RECOLLIDA DE ENVASES LIXEIROS (BOLSA AMARELA) DO CONCELLO DE XOVE SERV:01/16 aprobado polo Pleno Corporativo en sesión de data 16 de xuño de 2016, reúnese a Mesa de Contratación presidida polo Sr. Alcalde Presidente do Concello de Xove D. José Demetrio Salgueiro Rapa asistido consonte ó disposto na Clausula 17, por:

- Dna. Elena Santos Rey (Interventora Municipal).
- D. Albano Riveira Paleo, encargado de compras municipal y responsable do contrato.
- Dna. Ana María Abad López, Concelleira e Primeira Tenente de Alcaldía quen substitue a D. José Manuel Balseiro Canoura Concelleiro Delegado de Medioambiente.
- D. Marco López López Concelleiro do G.M. do Bloque Nacionalista Galego.
- D. Luis María Fernández del Olmo (Secretario Municipal), e por D. Pablo Sánchez Lage funcionario municipal adscrito como administrativo a Servicios Generales, a quen corresponde a fé pública do presente acto.

Asiste igualmente, tendo en conta o carácter público da sesión, Dona Lara Pumares Diaz titular do DNI 33323367R na representación do licitador **SERVICIOS DOS CONCELLOS GALEGOS S.L.U.** e D. Pablo Rouco Redondo titular do DNI 33337537ª na representación do licitador **GEASER S.L.** A seguir procedese á apertura dos sobres “C” presentados polos licitadores e a efectuar a valoración das melloras presentadas consonte aos criterios e regras reflectidos na Clausula 20 do Prego. Efectuada dita valoración **A MESA DE CONTRATACIÓN POR UNANIMIDADE DOS SEUS MEMBROS ACORDA:**

1º.- OUTORGAR AS SEGUINTE PUNTUACIÓNS as melloras ofertadas:

1ª.- GEASER S.L.

- 1.- Oferta camión de nova adquisición: 30 puntos.
- 2.- Oferta de aportación de contenedores de xeito gratuito para o Concello que quedarán da propiedade deste ao extinguirse o contrato:
35uds. de contenedores de RSU de 800l: 7 puntos
30uds. de contenedores de RSU de 360l: 3 puntos
20 uds. de contenedores amarelos: 5 puntos.

2ª.- URBASER S.A.

- 1.- Oferta camión de nova adquisición: 30 puntos.
- 2.- Oferta de aportación de contenedores de xeito gratuito para o Concello que quedarán da propiedade deste ao extinguirse o contrato:
35uds. de contenedores de RSU de 800l: 7 puntos
30uds. de contenedores de RSU de 360l: 3 puntos
20 uds. de contenedores amarelos: 5 puntos.

3ª.- SERVICIOS DOS CONCELLOS GALEGOS S.L.U.

- 1.- Oferta camión de nova adquisición: 30 puntos.
- 2.- Oferta de aportación de contenedores de xeito gratuito para o Concello que quedarán da propiedade deste ao extinguirse o contrato:
35uds. de contenedores de RSU de 800l: 7 puntos
30uds. de contenedores de RSU de 360l: 3 puntos
20 uds. de contenedores amarelos: 5 puntos.

4ª.- SOIL RECOVERY S.L.

- 1.- Oferta camión de nova adquisición: 30 puntos.
- 2.- Oferta de aportación de contenedores de xeito gratuito para o Concello que quedarán da propiedade deste ao extinguirse o contrato:
35uds. de contenedores de RSU de 800l: 7 puntos
30uds. de contenedores de RSU de 360l: 3 puntos
20 uds. de contenedores amarelos: 5 puntos.

Polo Secretario dase lectura ao Acta da Mesa de Contratación celebrada con data 08.08.2016 na que se reflecten as ofertas económicas presentadas polos licitadores procedendose pola Mesa a efectuar a valoración das mesmas consonte aos criterios e regras reflectidos na Clausula 20 do Prego.

1ª.- GENERAL DE ASFALTOS Y SERVICIOS S.L. - GEASER

Prezo: 89.997´60 € + 8.999´76 de IVE: 98.997´36 €
Puntos: 46´96

2ª.- URBASER S.A.

Prezo: 97.596´99 € + 9.795´70 de IVE: 107.356´69 €
Puntos: 35´06

3ª.- SERVICIOS DOS CONCELLOS GALEGOS S.L.U.

Prezo: 95.627'03 € + 9.562'70 de IVE: 105.189'73 €

Puntos: 38'71.

4ª.-SOIL RECOVERY S.L.

Prezo: 112.618'80 € + 11.262'88 de IVE: 123.891'68 €

Puntos: 11'55.

A MESA DE CONTRATACIÓN POR UNANIMIDADE DOS SEUS MEMBROS ACORDA

1ª.- Consonte as regras contidas na cláusula 25 do PCAP ordear as ofertas por orde decrecente de puntuación total obtida:

1ª.- GENERAL DE ASFALTOS Y SERVICIOS S.L. - GEASER

Oferta económica : 46'96 puntos.

Melloras: 45 puntos.

PUNTOS TOTAIS: 91'96.

2ª.- SERVICIOS DOS CONCELLOS GALEGOS S.L.U.

Oferta económica : 38'71 puntos.

Melloras: 45 puntos.

PUNTOS TOTAIS: 83'71.

3ª.- URBASER S.A.

Oferta económica : 35'06 puntos.

Melloras: 45 puntos.

PUNTOS TOTAIS: 80'06

4ª.- SOIL RECOVERY S.L.

Oferta económica : 11'55 puntos.

Melloras: 45 puntos.

PUNTOS TOTAIS: 56'55

2ª. Proponer ó Pleno Corporativo a adxudicación do contrato á mercantil GENERAL DE ASFALTOS Y SERVICIOS S.L. - GEASER no prezo ofertado de 89.997'60 € + 8.999'76 de IVE para un total de : 98.997'36 €, e coa execución das obras de mellora incluídas na súa oferta, tanto no sobre C como no Programa de Traballo.

3ª.- Notificar telematicamente a tódolos licitadores a presente acta e proceder á súa publicación no Perfil do Contratante do Concello de Xove sinalando expresamente que contra os acordos adoptados poderásen presentar recurso de alzada ante o Sr. Alcalde Presidente do Concello de Xove conforme ao disposto no art. 107 da Lei 30/1992, do 26 de novembro.

Non habendo máis asuntos que tratar pola Presidencia dáse por rematado o acto sendo as 11'30 horas da data citada no encabezamento, extendéndose por min, Secretario, a presente Acta, que da fé de todo o tratado co visto e prace da Presidencia.

Enterado, o Concello Pleno por unanimidade dos seus membros asistentes á sesión, acorda requerir ó licitador GENERAL DE ASFALTOS Y SERVICIOS S.L. – GEASER que ten obtido a mellor puntuación, a presentación no prazo de 10 días hábiles a contar desde o seguinte á recepción do correspondente requerimento, a documentación reflectida na cláusula 26 do prego de cláusulas administrativas regulamentador da licitación de referencia.

E sen mais asuntos que tratar, sendo as dez horas e quince minutos, levantase a sesión, estendéndose a acta presente, de todo o que como Secretario, dou fé.

O ALCALDE,

O SECRETARIO,

Asdo: José Demetrio Salgueiro Rapa

Asdo: Luís María Fernández del Olmo

